

**EXPEDIENTE:** 2023/E001/000012 (Relacionado con 2022/E001/000014)

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DE 2 PRAZAS DE LIMPADOR/A, GRUPO V, NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDO NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

**TRÁMITE:** ACTA 1

En Dodro, sendo ás 13:45 horas do día 09/12/2024, réunese na Casa do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas de LIMPADOR/A, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano de 2022 (BOP núm. 102 do 31/05/2022 e no DOG núm. 103 do 31/05/2022). As bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía número 675/2022 de 30 de decembro de 2022 e pola Resolución da Alcaldía número 6/2023 de 17 de xaneiro de 2023 de corrección de erros.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes ás prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a *"Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas"*

Presidenta:

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: Abel García Fabeiro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, funcionaria do Concello de Dodro

Escusa a súa ausencia María Elísabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

A presidencia declara constituído o Tribunal Cualificador.

A continuación, de acordo coa base oitava, das que rexen o proceso de selección (Boletín Oficial da Provincia da Coruña do luns 23 de xaneiro de 2023, núm. 15) a selección das persoas para a provisión da praza obxecto desta convocatoria realizarase por medio do sistema do concurso e tendo en conta o establecido na referida base oitava que di:

*"CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS*

O concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados polos aspirantes. Os méritos alegados polos aspirantes deberán xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas. A puntuación máxima desta fase será de 100 puntos, a valorar na forma que se describa nas bases específicas correspondentes. Valoraranse con carácter xeral os seguintes criterios:

**a) Experiencia profesional (70 puntos)**

Os efectos das presentes bases por servizos prestados entenderanse os realizados en virtude de contrato laboral temporal ou relación estatutaria temporal. Serán aceptados aqueles documentos que acrediten de forma fidedigna a experiencia profesional.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondente.

Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral/relación estatutaria temporal en calquera das súas modalidades.

A puntuación máxima deste apartado será de 70 puntos. Valoraranse os seguintes criterios:

- Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente en posto de igual ou similar natureza ao convocada na bases específica, da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,60 puntos por mes completo de servizos prestados con un máximo de 70 puntos, exercendo as funcións e tarefas propias do posto que se vai a convocar. Os servizos a tempo parcial serán valorados proporcionalmente.
- Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes, en posto igual ou similar natureza, doutras administracións locais (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,20 puntos por mes completo de servizos prestados, exercendo as funcións e tarefas propias do posto que se vai a convocar cun máximo de 24 puntos. Os servizos a tempo parcial serán valorados proporcionalmente
- Servizos prestados noutras Administracións ou entidades do sector público, en posto igual ou similar natureza, en calidade de persoal temporal: 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados, exercendo as funcións e tarefas propias do posto que se vai a convocar cun máximo de 12 puntos. Os servizos a tempo parcial serán valorados proporcionalmente.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados. Para o cálculo dos servizos prestados a tempo parcial e para a determinación do número de meses acreditados polos interesados partirase do número de días transcorridos conforme a documentación indicada nesta cláusula, o número de días obtido dividirase entre trinta, de tal forma que o cociente enteiro resultante desa división será o número de meses por servizos prestados acreditado polo interesado/a. Polo tanto todos os meses de servizos prestados se computarán como de trinta días.

O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación redondearase o mes completo.

**b) Formación (30 puntos):**

- *Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación, recibidos e/ou impartidos, acreditados ata a data de publicación da convocatoria da praza no BOE, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias de cada praza convocada á que se pretende acceder e que teñan sido convocados, impartidos ou homologados polo Instituto Nacional de Administración Pública, por outros Institutos de Administración Pública ou por Organizacións Sindicais, federacións deportivas ou outros axentes promotores dentro do marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas, así como polo SEPE, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados coas funcións propias da categoría.*
- *Tamén se valorarán os cursos considerados como transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.*

*A táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:*

*Grupo I: 0,20 puntos hora.*

*Grupo II: 0,40 puntos*

*Grupo III: 0,60 puntos hora*

*Grupo IV: 1,0 puntos hora*

*Grupo V: 2,00 puntos hora*

*En tódolos casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.*

*Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración. Así mesmo, non se valoraran os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares."*

Respecto de cales son os cursos transversais susceptibles de seren valorados, o tribunal adopta por unanimidade o criterio de entender avaliábeis os cursos transversais convocados, impartidos ou homologados polos organismos recollidos expresamente no parágrafo primeiro do apartado b) Formación da base oito.

De acordo co exposto e segundo o previsto nas bases específicas para provisión de 2 prazas de LIMPADOR/A, vistos os méritos achegados polas persoas aspirantes, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros outorga as seguintes puntuacións:

MARÍA DOLORES FIGUEIRA ROMERO			Puntuación
<b>Experiencia profesional (máx. 70 puntos)</b>	Servizos prestados na entidade local convocante	237 meses	70 puntos
	Servizos prestados noutras administracións locais		0
	Xunta de Galicia		0
	<b>TOTAL EXPERIENCIA</b>		<b>70 puntos</b>
<b>Formación (máx. 30 puntos)</b>	Cursos de formación		0
	Cursos transversais	Curso "Traballando en igualdade" (Curso non impartido por organismo do apartado b)	0 puntos

MARÍA DOLORES FIGUEIRA ROMERO			Puntuación
		da base 8 das que rexen o procedemento)	
		Curso de P.R.L. para persoal de limpeza (Curso non impartido por organismo do apartado b) da base 8 das que rexen o procedemento	0 puntos
<b>TOTAL FORMACIÓN</b>			<b>0 puntos</b>
<b>TOTAL</b>			<b>70 puntos</b>

MARÍA ISABEL FRANCISCO SABORIDO			Puntuación
<b>Experiencia profesional (máx. 70 puntos)</b>	Servizos prestados na entidade local convocante	224 meses	70 puntos
	<b>TOTAL EXPERIENCIA</b>		<b>70 puntos</b>
<b>Formación (máx. 30 puntos)</b>	Cursos de formación		
	Cursos transversais	Curso "Traballadores familiares" (Curso non impartido por organismo do apartado b) da base 8 das que rexen o procedemento)	0 puntos
		Curso "Traballando en igualdade" (Curso non impartido por organismo do apartado b) da base 8 das que rexen o procedemento)	0 puntos
		Curso de P.R.L. para persoal de limpeza (Curso non impartido por organismo do apartado b) da base 8 das que rexen o procedemento	0 puntos
		Curso "Digitalización aplicable al sector productivo" 30 h de duración	30 puntos
<b>TOTAL FORMACIÓN</b>		<b>30 puntos</b>	
<b>TOTAL</b>			<b>100 puntos</b>

De acordo coa Resolución da Alcaldía 621/2024 do 05/12/2024 dona María Dolores Figueira Romero non acreditou estar en posesión do CELGA 1 e polo tanto, debe realizar a proba de galego correspondente ao dito nivel.

A continuación procédeuse a dar conta do indicado na base 8 en relación ao coñecemento da lingua galega:

**"COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

*Os aspirantes que non xustifiquen a posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspiran, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, que en ningún caso computará como mérito. A tales efectos, estes aspirantes deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso esta circunstancia.*

*A proba de coñecemento da lingua galega realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención dunha praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que a proba de coñecemento sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección, e a seguinte coa puntuación máis alta obtida no concursos de méritos será a proposta para a obtención da praza. Se esta persoa non tivese acreditado con anterioridade o coñecemento da lingua galega correspondente deberá someterse á referida proba de galego cos mesmo efectos expostos con anterioridade.*

*Para os grupos V e IV o desenvolvemento será unha proba oral de coñecemento da lingua galega que determinará o órgano de selección, e para o resto dos grupos consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que, tamén determinará o órgano de selección."*

En consecuencia, o Tribunal elabora a proba de galego que consistirá na lectura por parte dun membro do Tribunal dun artigo en galego dun diario de tirada autonómica e a continuación efectuar tres preguntas á aspirante.

Sendo as 14:55 h procédese ao chamamento de dona María Dolores Figueira Romero a fin da realización da proba de galego.

Finalizada a proba o tribunal considera APTA á candidata.

Á vista de todo o anterior, o **resultado por orde decrecente** é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
FRANCISCO SABORIDO, MARÍA ISABEL	***936***	70	30	100
FIGUEIRA ROMERO, MARÍA DOLORES	***842***	70	0	70

A base novena das que rexen o proceso de selección establece que: "(...) Superarán o proceso selectivo aqueles/as candidatos/as que alcancen un mínimo de 12" puntos.

Alcanzan o mínimo de 12 puntos ámbalas dúas aspirantes.

En base ao anterior, e a vista da puntuación obtida no proceso selectivo polas persoas aspirantes que superan a puntuación mínima establecida para superar o proceso selectivo, o Tribunal Cualificador acorda:

**Primeiro.-** De conformidade co disposto nas bases aprobadas para o presente procedemento de selección, PROPOÑER Á ALCALDÍA para a obtención de praza de LIMPADORA persoal laboral fixo Grupo V, por ser as persoas que superaron o proceso de selección con maior puntuación, ás seguintes aspirantes:

1. FRANCISCO SABORIDO, MARÍA ISABEL \*\*\*936\*\*\*
2. FIGUEIRA ROMERO, MARÍA DOLORES \*\*\*842\*\*\*

**Segundo.-** Publicar as cualificacións finais das persoas aspirantes no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. O prazo de presentación de alegacións ou reclamacións será de **10 hábiles seguintes á publicación.**

No caso de que non se presenten alegacións, a proposta elevarase automaticamente a definitiva.

Sendo as 15:15 h, dáse por remato o acto, estendéndose a presente acta que é asinada por todos os membros do tribunal, do que dou fe.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)  
Tfno: 981 802 062  
[info@dodro.gal](mailto:info@dodro.gal)  
[www.dodro.gal](http://www.dodro.gal)

*María Lourdes Diéguez Rarís*  
*Abel García Fabeiro*  
*Natividad Lorenzo Campos*  
*Sandra María García Chenlo*